

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2011 (por non celebrarse o 29 de decembro de 2011 a convocatoria trasládase a este día).

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do 2º tenente de Alcalde **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **Dª MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste o 1º tenente de Alcalde: **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**
Non asiste a Interventora do Concello: **Dª ISABEL PERNAS SÁNCHEZ**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 16-12-11 (pendente).**-
- 2º.- **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN PARCIAL POLÍGONO INDUSTRIAL ÁREA-33.**-

- 1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 16-12-11 (pendente).**-

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2011

A Sra. Alcaldesa di que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2011



2º.- **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN PARCIAL
POLÍGONO INDUSTRIAL ÁREA-33.-**

Visto a expediente tramitado que consta na sesión.

Consta informe técnico favorable de data 30 de decembro de 2011, do Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil.

Consta informe xurídico da secretaria do Concello, de data 30 de decembro de 2011, rexistro de entrada nº 5712, de data 30 de decembro de 2011, no que sinala:

“(…)

*Es competencia del Alcalde según el art. 21,1º j) de la L.7/85 reguladora de bases de régimen local : Las aprobaciones de los instrumentos de planeamiento de desarrollo del planeamiento general no expresamente atribuidas al Pleno. Esta competencia es delegable en Junta de Gobierno Local, según el art. 21,3º de esta misma ley, delegación en Junta de Gobierno Local efectuada mediante Decreto de Alcaldía de 4 de xullo de 2011.
Por tanto, la aprobación inicial corresponde a la competencia de la Junta de Gobierno Local, por delegación de la Alcaldesa*

Considerando que según el art. 22, 2º,c) de la L.7/1985 reguladora de bases de régimen local (LBRL) es competencia del Pleno la aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística y según el art. 47 de la L.7/1985 reguladora de bases de régimen local (LBRL) es suficiente la aprobación por mayoría simple los acuerdos que corresponda adoptar a la corporación en la tramitación de los instrumentos de planeamiento (salvo el plan general de ordenación municipal, que requiere mayoría absoluta).

Según lo que se expondrá en este informe : Se emite informe jurídico favorable en cuanto a competencia y procedimiento a la aprobación inicial de la modificación puntual del Plan Parcial del polígono industrial Área 33 , con las consideraciones y la prudencia necesarias en relación a la situación de inseguridad urbanística que se produce por tratarse de un ayuntamiento con planeamiento no adaptado a la ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, y teniendo en cuenta el escaso tiempo para emisión de este informe desde la entrega de documentación suficiente en secretaria.

Es por ello que se informa favorablemente a nivel jurídico de competencia y procedimiento, sin perjuicio de lo que sea preciso informar en momento de posterior aprobación, de la propuesta de Alcaldía de fecha 30 de diciembre de 2011 que se transcribe:

“(…)”



Vista a proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2011 a Xunta de Goberno Local de "Aprobación inicial da modificación puntual do Plan Parcial do Polígono Industrial. Área 33".

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (Decreto 04-07-11), visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello de data 30-12-11 e o informe xurídico da secretaria xeral do concello de data 30-12-11 (rex entr 30-12-11, nº 5712) segundo a proposta da Alcaldesa de data 30 de decembro de 2011, en exercicio da competencia establecida no artigo 21, 1º, j e art. 23, 4º da Lei 7/1985, 2 de abril reguladora de bases de réximen local, e segundo o procedemento regulado nos artigos 93, 94, 84 e 86 da Lei 9/2002, 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por unanimidade dos presentes aprobou este acordo:

Vista a seguinte documentación técnica elaborada por EPTISA, asinada pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, de data novembro 2011 :

Modificación puntual do Plan Parcial área 33: "Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33.. Volume 1 de 1. Novembro 2011" elaborado por EPTISA, asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez (un volumen, 23 follas a unha cara).

Acompáñase Documento de inicio: Modificación puntual do Plan Parcial área 33 (Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda), volume 1 de 1. Novembro 2011. elaborado por EPTISA, asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, será diligenciado pola secretaria xeral do concello para constancia do seu contido (un volume, dezanove follas a unha cara); que inclúe un CD " Modificación puntual do Plan Parcial Area 33 . Documento de inicio. Novembro 2011 ".


Visto que se deu conta á Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, urbanismo, medio ambiente e medio rural de 17 de novembro de 2011, que quedou enterada.

Visto o informe técnico favorable do arquitecto do concello de data 24 de novembro de 2011.

Visto que a Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2011 aproba este acordo: Iniciar a tramitación e **comunicar ó órgano ambiental** (Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras) a formulación da modificación puntual do Plan Parcial área 33 e **remitir o documento de inicio** (Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda) elaborado por EPTISA, asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, de data novembro 2011.

Este Documento de inicio. "Modificación puntual do Plan Parcial área 33 (Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda), volume 1 de 1. Novembro 2011. elaborado por EPTISA, asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, (un volume, dezanove follas a unha cara); que inclúe un CD " Modificación puntual do Plan Parcial Area 33 . Documento de inicio. Novembro 2011 ", diligenciado pola secretaria xeral do concello para constancia do seu contido, foi remitido á Consellería de Medio

Xunta de Goberno Local de 30 de Decembro de 2011



ambiente, Territorio e Infraestructuras , (subdirección xeral de avaliación ambiental, secretaria xeral de calidade e avaliación ambiental), por oficio de Alcaldía de 28 de novembro de 2011 (rex saída 29-11-11, nº 1933, e rex entr Xunta de Galicia 29-11-11).

Visto o escrito da secretaria xeral de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras de 23 de decembro de 2011 (rex entr concello 26-12-11, nº 5621; e posteriormente enviado mediante oficio de remisión asinado polo subdirector xeral de avaliación ambiental da data 23-12-11, rex saída consellería 23-12-11, nº 014344, e rex entr concello 30-12-11, nº 5696) : "**Decisión de non sometemento a avaliación ambiental estratéxica . Plan: Modificación puntual do Plan parcial do polígono industrial e comercial Área 33 . Localización : parroquias de Santa Baia de Silleda, Santiago de Taboada e San Martiño de Vilar. Órgano promotor : Concello de Silleda. Clave : 2011AAE1299), e se acompaña de informe de Augas de Galicia de data 21 de decembro de 2011 emitido no período de consultas e exposición pública do documento de inicio , nestos documentos se indica: "Considerase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión do Organismo Autónomo Augas de Galicia , non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico. Non obstante considerase importante que o desenvolvemento da Modificación reflecta unha correcta justificación da dispoñibilidade de recursos para o abastecemento e tamén se xustificará a capacidade de xestión no saneamento ", e en concreto o devandito escrito da secretaria xeral de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras de 23 de decembro de 2011 **conclúe: " Non someter ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica a Modificación puntual do Plan parcial do polígono industrial e comercial Área 33"****

Visto o informe emitido polo concesionario Espina e Delfin , SL de data 28 de decembro de 2011 (rex entr concello 28-12-11, nº 5666) en relación á suficiencia das redes municipais.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 30 de decembro de 2011 "Aprobación inicial da modificación puntual do Plan parcial do polígono industrial . Area 33 ".

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto de data 30 de decembro de 2011, en sentido favorable: " Informe dos servizos técnicos de conformidade coa legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na modificación puntual do Plan Parcial parque empresarial ".

Transcríbese :

"INFORME DOS SERVICIOS TÉCNICOS DE CONFORMIDADE COA LEGALIDADE E CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN PROPOSTA NA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL PARQUE EMPRESARIAL

1 ANTECEDENTES

1.1 Documentación presentada: 5 copias, Rexistro de Entrada 14 de Novembro de 2011
Redactado por Dona Ana María Bértalo Pérez, Arquitecta, asinado o día 23 de Novembro



de 2011.

1.2 O vixente PXOM do Concello de Silleda foi definitivamente aprobado o 4 de Xuño de 1981. Este planeamento non delimitaba este ámbito como polígono Industrial, se ben incorporaba a ordenanza IA (Industria Almacén).

1.3 O 22/10/1991 aprobouse definitivamente a modificación puntual da clasificación do solo do PXOM de Silleda, pola que se crea "Unha zona de uso industrial en Trasfontao, de 33 hectáreas". Esta modificación delimitou un polígono non previsto no plan xeral orixinario (plano nº5), e clasificou este ámbito como "Solo Urbanizable Programado de tipo Industrial". Indicábase a continuación que para o desenvolvemento de dito polígono "procederáse á redacción do Plan Parcial correspondente".

1.4 O Plan Parcial Parque Empresarial Área 33 de Silleda é un planeamento de desenvolvemento de uso característico industrial. Foi aprobado definitivamente o 22 de xuño de 1991. Esta ferramenta transformou o Solo Urbanizable Programado de tipo industrial deste ámbito en solo urbano. Posteriormente leváronse a cabo dúas modificacións puntuais sobre o plan parcial deste polígono, que se relacionan nos puntos 2.14.8 e 2.14.9 deste informe.

1.5 En virtude da Disposición Transitoria Primeira da LOUGA, Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non-adaptado, a clasificación do ámbito do plan parcial é a de **solo Urbano Consolidado**, por canto tódalas parcelas cumpren a condición de solar consonte ao artigo 12 da mesma.

1.6 O uso principal de todo o ámbito do polígono é o de Industrial, complementado co uso deportivo e as correspondentes dotacións e espazos libres.

1.7 Considérase que procede acometer a modificación que nos ocupa sobre o corpo que constitúe o Plan Parcial Parque Empresarial Área 33 de Silleda coas dúas modificacións puntuais xa efectuadas.

2 NORMATIVA DE APLICACIÓN

2.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

2.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

2.3 Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

2.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

2.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

2.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002

2.7 LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

2.8 LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).

2.9 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística)

2.10 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico)

Xunta de Goberno Local de 30 de Decembro de 2011



- 2.11 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 2.12 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 2.13 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 2.14 **PXOM do Concello de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xulo de 1981**
- 2.14.1 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 2.14.2 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 2.14.3 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 2.14.4 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 2.14.5 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002**
- 2.14.6 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO:

- 2.14.7 P.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991**
- 2.14.8 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002**
- 2.14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007**
- 2.14.10 E.D. Rua Butano. Aprobado definitivamente o 26/01/1984
- 2.14.11 E.D. Calello da Feira. Aprobado definitivamente o 26/01/1984
- E.D. Esquina Avenida do Parque. Aprobado definitivamente o 26/01/1984

3 INFORME

Infórmase o presente documento para modificar o Plan Parcial Parque Empresarial Área 33 de Silleda, no que se propón "flexibilizar os usos do Plan Parcial do polígono industrial area 33 do municipio de Silleda así como permitir a tipoloxía apegada", segundo se indica na memoria da modificación.

A presente modificación do Plan Parcial Parque Empresarial Área 33 de Silleda, atinxe só aos aspectos de adosamento de naves e os usos autorizados (punto 3.5.4 do Plan Parcial). Non modifica os parámetros urbanísticos básicos do polígono industrial, ámbito de aplicación da mesma. Canto á súa natureza, segundo se indica no punto 1. OBXECTO, as modificacións propostas son as seguintes:

1. Define a tipoloxía de nave adosada, que xa se recollía nas tipoloxías propostas do Plan Parcial orixinario, aínda que non se concretaban as súas condicións.



2. Complétanse os usos admisibles no polígono, incorporando usos que ata o momento non eran viables no mesmo.
3. Por outra parte, non afecta a espacios libres e zonas verdes.

Con respecto ás mesmas, a definición de tipoloxía adosada non supón aumento da edificabilidade das parcelas, que se limita ao 70% independentemente de que as construcións estén adosadas ou non. Este límite é o mesmo que asigna o Plan Xeral e o Plan Parcial para este área, por tanto, non se aumenta a intensidade dos usos deste ámbito fixados polo Plan Xeral. Por tanto, cúmprese o que establece o artigo 62.c da LOUGA "c) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin un incremento da altura ou dos usos globais que se establezan no plan xeral."

Do mesmo xeito, a implementación dos novos usos, a saber: hosteleiro, deportivo e administrativo, dá cumprimento ao establecido no art. 62 LOUGA que establece que "1. Os plans parciais e plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral de ordenación de acordo coas seguintes condicións:

a) Que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, a mellora da articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a resolución de problemas de circulación ou a formalización de operacións de reforma interior en solo urbano ou de actuacións de carácter integral en solo de núcleo rural, non previstas polo plan xeral e outros fins análogos".

Polo tanto, a xuízo do técnico que subscribe, o procedemento de modificación puntual do plan parcial é válida para a implementación de máis usos.

3.1 INTEGRIDADE DOCUMENTAL

O documento está integrado por:

Modificación puntual do plan parcial do polígono industrial Área 33 do municipio de Silleda (Pontevedra)

- 1 Memoria. Composta de:
 - 1.1 Obxeto
 - 1.2 Antecedentes
 - 1.3 Localización do ámbito
 - 1.4 Conveniencia e oportunidade da modificación
 - 1.4.1 Marco legal
 - 1.4.2 Xustificación do interese público
 - 1.5 Proposta de modificación
- 2 Plano
- 3 Anexo I. Documento de inicio de Avaliación Ambiental Estratéxica

Documento de Inicio modificación puntual do Plan Parcial do Polígono Industrial Área 33 do Municipio de Silleda (Pontevedra)

- 1 Introducción
- 2 Alcance, contido e obxectivos da modificación



- 2.1 Localización do ámbito
- 2.2 Obxeto
- 2.3 Obxectivos
- 2.4 Antecedentes
- 2.5 Análise de alternativas
- 2.6 Proposta de modificación
- 3 Desenvolvemento previsible da modificación puntual
- 4 Efectos sobre os elementos estratéxicos do territorio, a planificación sectorial e territorial implicada e as normas aplicables
 - 4.1 1.1 Marco legal
 - 4.2 1.2 Xustificación do interese público
- 5 Aproximación aos efectos ambientais previsibles
- 6 Planos

Canto ao contido documental que constitúe o corpo desta Modificación Puntual considérase axeitado para o obxecto desta modificación puntual.

3.2 XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E CONVENIENCIA

A xustificación da necesidade e conveniencia desta modificación considérase coherente e atende aos criterios de interese xeral que propón a LOUGA.

3.3 CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA

Canto á calidade técnica da proposta, a falta das "Normas Técnicas de Planeamento" anunciadas no artigo 50 LOUGA, este informe centrarase na avaliación das NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA da lei do Solo (arts. 104, 105 e 106, e as NORMAS DE CALIDADE URBANA, do art. 48 LOUGA.

Artigo 48. Normas de calidade urbana.

1. O planeamento urbanístico garantirá as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas e usos residenciais, respectando as condicións mínimas que se fixen regulamentariamente. En todo caso, prohibese o uso residencial en sotos e semisotos.
2. Os viarios principais de nova apertura en solo urbano non-consolidado e en solo urbanizable non poderán ter un ancho inferior a 16 metros.
3. O planeamento urbanístico procurará unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, evitando tamén a repetición de solucións urbanísticas e tipoloxías edificatorias idénticas.
4. O planeamento que estableza a ordenación detallada terá en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ó máximo o acceso directo ós espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo coa normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
5. O planeamento urbanístico deberá fixa-la altura máxima das edificacións en proporción



ó ancho das vías e espazos libres, de modo que queden garantidas as mellores condicións posibles de soleamento e ventilación natural das vivendas.

6. O planeamento poderá prohibir os tendidos aéreos e prever o soterramento dos existentes. En todo caso, deberán soterrarse as redes de servizos das novas urbanizacións.

A modificación proposta non modifica os criterios adoptados polo ordenamento vixente relativos ao art. 48 LOUGA.

Artigo 104. Adaptación ao ambiente.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.
- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
- c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
- d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
- e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
- f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.

Artigo 105. Altura das edificacións.

En municipios sen planeamento xeral, non poderá edificarse cunha altura superior a dúas plantas nin supera-los 7 metros de altura medidos desde a rasante do terreo ó arrinque inferior da vertente de cuberta.

Artigo 106. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, execución



ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obrigación a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimita-la propiedade rústica.

En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.

2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

A modificación proposta non modifica os criterios adoptados polo ordenamento vixente no relativo ás NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

Artigo 62. Disposición común ós plans de desenvolvemento.

1. Os plans parciais e plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral de ordenación de acordo coas seguintes condicións:

a) Que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, a mellora da articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a resolución de problemas de circulación ou a formalización de operacións de reforma interior en solo urbano ou de actuacións de carácter integral en solo de núcleo rural, non previstas polo plan xeral e outros fins análogos.

b) Que non afecten nin alteren de ningún modo as determinacións do plan xeral sinaladas nos artigos 53, 55.2, 56º.2.a) e 57.1) desta lei, sen prexuízo dos axustes necesarios para garanti-las conexións.

c) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin un incremento da altura ou dos usos globais que se establezan no plan xeral.

d) Que non supoñan unha diminución, fraccionamento ou deterioración da capacidade de servizo e da funcionalidade dos espazos previstos para as dotacións locais.

2. O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e das áreas de reparto, sempre que o reaxuste non afecte en ningún caso a clasificación urbanística do solo nin a dotacións públicas e que non supoña unha alteración igual ou superior ó 5 % do ámbito delimitado polo plan xeral. En todo caso, será necesaria a previa audiencia ós propietarios ou ás propietarias afectados.

A modificación proposta dá cumprimento ao establecido no artigo 62 citado. Non modifica os criterios adoptados polo ordenamento vixente canto a determinacións de carácter xeral (art. 53).

Non implica incremento da superficie edificable total nin incremento da altura ou dos usos globais establecidos polo plan xeral.



3.4 TRAMITACIÓN DA MODIFICACIÓN

O Art. 94 da LOUGA dispón que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

A modificación do Plan seguirá o procedemento previsto no Art. 86.1 da LOUGA para a súa tramitación e aprobación.

Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados no precitado Art. 86.1 da LOUGA, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do Plan coas modificacións que fosen pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de tres meses, contado desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería.

Canto á posible suspensión de licencias, recollido no artigo 77 da LOUGA, a xuízo do técnico que subscribe e sen perxuízo doutro criterio mellor fundamentado, a modificación puntual que se presenta supón a **modificación da ordenación urbanística vixente, como establece o citado artigo no punto 2, polo tanto, considérase que se debería proceder á suspensión temporal de licencias no ámbito do Plan Parcial Parque Empresarial Área 33.**

3.5 AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO

A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de Medidas urxentes de modificación da LOUGA, integrou definitivamente no contido dos plans e no procedemento para á súa aprobación a AAE establecida na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no Medio ambiente.

Inclúese con esta Modificación Puntual, un anteproxecto ou "Documento de Inicio" que será remitido polo órgano promotor ao órgano ambiental.

Remitida copia da documentación con data 1/12/2011 á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, esta emitíu, con data 23 de decembro de 2011, con r.e. nº 5621 de 26 de decembro de 2011, **acordo de NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**, se ben, fai constar que durante o prazo de exposición pública, tivo lugar informe do Organismo Autónomo Augas de Galicia asinado o 21 de decembro de 2011, do que consta copia no expediente, con r.e. 5652 de 27 de decembro de 2011, có seguinte contido:

Con data 2/12/2011, a Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 9/2006, remitiu a comunicación de apertura do prazo para o envío de comentarios á elaboración do documento de referencia da Modificación

Xunta de Goberno Local de 30 de Decembro de 2011



Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana (zona Semana Verde), concello de Silleda ao proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica.

Analizada a documentación dispoñible considérase que non existe Incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión do Organismo Autónomo Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico. Non obstante **consideramos importante que o desenrolo da Modificación Puntual reflicta unha correcta xustificación da dispoñibilidade de recursos para o abastecemento e tamén se xustificará a capacidade de xestión no saneamento.**

Con respecto a este aspecto, foi solicitado informe á empresa concesionaria de abastecemento de augas e saneamento a fin de que se pronunciase sobre este aspecto. En resposta a tal requirimento, a empresa subministradora presentou, con r.e. 5666 de 28/12/2011, escrito no que indica o seguinte:

Por el asunto de referencia y atendiendo a su solicitud de informe relativo a la suficiencia de las redes municipales del abastecimiento de agua de consumo y saneamiento en la zona del recinto ferial de la Semana Verde y del Polígono Industrial y Comercial Área 33, por medio de la presente queremos poner en su conocimiento lo siguiente:


1. Por lo que respecta a la Zona del recinto ferial Semana Verde manifestar que dispone hasta sus instalaciones de red de abastecimiento municipal suficiente, que en estos momentos no utiliza, al disponer de medios propios para el suministro.
2. Existe en la Zona del recinto ferial Semana Verde red municipal de saneamiento suficiente, que en estos momentos no utiliza, al disponer de medios propios de recogida, tratamiento y depuración de las aguas residuales.
3. **La zona correspondiente al Polígono Industrial y comercial Área 33 dispone de los servicios municipales de abastecimiento y saneamiento demandados.**

Do que se desprende que o abastecemento de auga e o saneamento, no ámbito desta modificación puntual, son suficientes.

3.6 AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

Sen perxuízo da tramitación ambiental exposta no seguinte apartado, este Polígono Industrial precisa das seguintes autorizacións sectoriais:

- 1.1.1 Ministerio de Fomento. Dirección Xeral de Estradas. Estrada N525.
- 1.1.2 Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. Camiño de Santiago (Vía da Prata)
- 1.1.3 Ministerio de Fomento. Seguridade Aérea.



En conclusión, a xuízo do técnico que subscribe e sen perxuízo de outro criterio mellor fundamentado, infórmase favorablemente esta modificación puntual para a súa aprobación inicial"

Visto o informe xurídico da secretaria xeral de data 30 de decembro de 2011 (rex entr 30-12-11, nº 5712) : " Aprobación inicial. Modificación puntual del Plan Parcial del plígono industrial . Area 33 "

Tendo en conta :

Visto o artigo 93 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que se regula a alteración do planeamento, e en concreto, o establecido no art. 93,4º desta lei no que se indica que as modificacións de calquera dos elementos dos planes, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Visto o artigo 86 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se regula o procedemento de tramitación de planeamento de desenvolvemento (plan parcial)

Visto o artigo 84,4º da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se regula a elaboración do planeamento municipal, e en concreto o referido á redacción dun anteproyecto de planeamento como documento de inicio que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan .

